

Cómplices: A violencia machista institucional

A finalidade desta presentación é botar luz sobre un aspecto da(s) violencia(s) machista(s) pouco visíbel: a violencia que exerce o Estado a través das súas institucións sobre as mulleres que están en situación de violencia machista. No libro *Complices*, a autora, Iria Vázquez Silva, explora varios eidos institucionais e convida a outras autoras. Sheila Fernández Míguez (desde o eido xurídico), Olalla Villaronga Seoane (desde o eido rural), Lola Ferreiro Díaz (desde o ámbito sanitario) e Ana Martínez González e Fedra Alcaraz Ladrero (desde o ámbito da diversidade funcional) a completar o panorama dunhas institucións que deberían acoller e defender as mulleres violentadas polo machismo.


FEMINISMOS

Cómplices

A violencia machista institucional

Coordinación

Iria Vázquez Silva



PRESENZAS

Moderadora: Natalia Domínguez Galán (Grupo Fiadeiras, colexiada nº 0398)

Autora: Iria Vázquez Silva

DATA E HORARIO

Data: 22 xuño

Horario: 19 a 21 horas

LUGAR

Ceesg

Rúa Lisboa 20, Baixo C, Santiago de Compostela

[Ver localización](#)

Sobre Iria Vázquez Silva

Licenciada en Socioloxía pola Universidade da Coruña (2004), é doutora tamén en Socioloxía coa tese *La inmigración senegalesa en Galicia: remesas y cuidados en familias transnacionales* (2014). Foi profesora interina de socioloxía na Universidade de Vigo e integrante do Grupo de Estudos Territoriais da Universidade da Coruña.

Realizou o proxecto *Mulleres inmigrantes, lingua e sociedade*. Novas perspectivas para a integración (2015-2017), desenvolvido na Universidade de Vigo e financiado pola Xunta de Galicia. Especialista en xénero pola Universidade de Vigo e en igualdade pola Universidade Autónoma de Barcelona. As súas liñas de investigación abranguen a socioloxía das migracións, ademais da socioloxía do traballo e de xénero. Traballou no ámbito da intervención social con mulleres en situación de violencia e colaborou con diversos colectivos feministas de Galiza.

Publicou no *Journal of Ethnic and Migration Studies* "Transnational mothering strategies: Senegalese experiences" (2017), con Luna Vives. Publicou artigos na *Soziologia eta zientzia politikoaren euskal aldizkaria* (en galego, Revista vasca de socioloxía e ciencia política) e en diversos congresos.

Obras publicadas

- *Muller inmigrante, lingua e sociedade* (2017). Vigo: Galaxia, Ensaio. Coordinadora con Laura Rodríguez Salgado.
- *Cómplices. A violencia machista institucional* (2020). Vigo: Galaxia. Coordinadora e autora de artigos.

Sobre Fiadeiras (Grupo de traballo do Ceesg)

Pretendemos xerar un espazo para o encontro, reflexión e traballo profesional das educadoras e educadores sociais da nosa comunidade, encamiñado a romper cos modelos sexistas que seguen a frear a día de hoxe os avances cara unha sociedade democrática e xusta.

Os valores fundamentais que sosteñen o noso quefacer son a *Igualdade*, a *Xustiza Social*, a *Sororidade* e a *Non Violencia*; imprescindibles para comprometer a praxe do Colexio de Educadoras e

Educadores Sociais de Galicia (Ceesg) e situar a igualdade de xénero como valor central da práctica educadora.

As accións que Fiadeiras leva a cabo desenvólvense nunha dobre dirección, pois teñen un carácter interno e externo; é dicir, combínase un traballo “intracolexial” centrado na propia Xunta de Goberno, o persoal laboral e as persoas colexiadas; con outro dirixido á cidadanía en xeral, destacando a participación activa de Fiadeiras no movemento feminista galego e a súa colaboración con outras entidades no ámbito socioeducativo.

Concretamente, recollemos as actuacións que levamos a cabo entorno a tres grandes bloques:

- *Actividades formativas*: encamiñadas a mellorar a formación das educadoras e educadores sociais en materia de igualdade entre mulleres e homes, integrando a perspectiva de xénero como elemento crítico da súa práctica profesional.
- *Actividades reivindicativas*: encamiñadas a denunciar discriminacións que permanecen activas e limitan as posibilidades de desenvolvemento das mulleres.
- *Actividades culturais*: encamiñadas a fomentar a participación das mulleres na vida cultural e asociativa da comunidade, abrindo foros para o debate e a reflexión sobre a posibilidade dun mundo que non sexa masculino singular.